



“Publicáronse as listas de defuncíons da represión franquista. Pero nunca aparecen os nomes dos responsábeis. Seica se suicidaron?”

# Dolors Genovès

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

Dolors Genovès é Directora de documentais históricos da Televisió de Catalunya. Profesora de Documentais de Creación da Universitat Ramon Llull e do Màster en Innovació i Qualitat Televisives. Membro do consello de redacción da revista Trípodos. Licenciada en Filosofía e Letras (Historia) e Ciencias da Información (Xornalismo) pola Universitat Autònoma de Barcelona e en Filoloxía Catalana (Literatura) pola Universitat de Barcelona. Está especializada no documental de investigación histórica. A súa filmografía compoñena máis de dúas ducias de títulos, por algúns dos cais foi premiada.

Durante os anos 90 esta xornalista e historiadora meteulle dente á memoria histórica con traballos rigorosos que rompían un pacto non escrito que empuxaba á marxinalidade a reflexión sobre o pasado.

A reacción non se fixo esperar e cebouse especialmente con M. Dolors Genovès que viña de presentar un filme sobre a historia do dirixente de Unió Democràtica de Catalunya, Manuel Carrasco i Formiguera, que foi fusilado en 1938 na prisión de Burgos por “roxo e separatista”. O longo calvario xudicial que sufriu Dolors deixou en evidencia moitas carencias do actual réxime e de como se pechou a transición, e a súa vitoria final, no Tribunal Constitucional, foi a que posibilitou unha certa sensación de seguridade xurídica dos investigadores que aínda en precario comenzaron a restaurar a historia desa época infausta.



Filmografía de Dolors Genovès: "In memoriam" (1986); "Operació Nikolai" (1992); "1968" (1993); "L'or de Moscou" (1994); "Sumaríssim 477" (1994); "4 dies de novembre" (1995); "Després del diluvi" (1995); "Cambó" (1996); "Cuba, siempre fidelísima" (1998); "Sapientíssims" (2000); "Chomón" (2001); Joan March, els negocis de la guerra" (2003); "Los viajes de Mona Lisa" (2003); "Abecedari Porcioles" (2004); "Roig i Negre" (2006); "Entre el jou i l'espasa" sobre el fascismo (2007)

– **Cal foi o que desencadeou da persecución xudicial da que foi obxecto?**

– O calvario xudicial durou 10 anos nas distintas instancias e ainda queda unha causa que ten que abordar o Tribunal Constitucional. O documental *Sumaríssim 447* (1994) centrábase na figura dun catalanista democristián que era interesante desde o punto de vista histórico e xornalístico porque representaba, en Cataluña, a dobre memoria: a memoria da violencia revolucionaria que expulsa Carrasco por católico, e logo é capturado e executado por Franco por catalanista e republicano. Era unha figura que incomodaba a todos. En Cataluña hai dúas memorias que hai que ter presentes, a violencia revolucionaria, arbitraría e incontrolada, e a represión franquista de posguerra que aniquila os adversarios seguindo un plan establecido de exterminio. Para facer este documental accedemos, por vez primeira, ao sumario do Consello de Guerra que condena Carrasco á pena

capital. É o primeiro sumario dun Consello de Guerra que se dá a coñecer publicamente, e ademais puiden conseguir toda a documentación do defensor de Carrasco, un médico do exército franquista, que fixo o que puido dadas as circunstancias. Estreamos en novembro de 1994, todo o mundo celebrou o documental, tivemos moi bons niveis de audiencia e todas as críticas foron positivas. E dous meses despois empecei a recibir noticias de compañeiros xornalistas advertíndome de que algo se estaba a tramar. Finalmente chegaron as denuncias por vía xudicial.

– **En que se baseaban as denuncias?**

– No sumario había o testemuño de 8 cataláns que se atopaban en Burgos no 38, eran falanxistas ou carlistas, que declararon contra Carrasco. No filme recollía isto. Os fillos de dous destes, Carlos Trías Beltrán e José Ribas Seba emprenderon entón as accións xudiciais. Son dúas familias coñecidas, tanto os Trías, recordemos o filósofo Eugenio Trías ou ao político do PP, Jorge Trías. Ou o caso de José Ribas, director da revista *Ajoblanco*, revista e figura que se definen como anarquistas, aínda que algúns lle chaman "anarquista de salón". Ambas as familias consideraban que "manchara" a honra dos seus pais.

– **Mais se no documental se critica a violencia de ambos os bandos, como se nos di que hai que facer, a que se debeu esa reacción?**

– É unha opinión: preocupáballes más o seu propio currículo que o dos seus pais. Tanto Carlos Trías como José Ribas eran falanxistas desde moi novos. Ribas foi o responsable da Falanxe catalá en Burgos durante a Guerra e ambos ocuparon destacados cargos na administración franquista da posguerra. Polo tanto, foron declarar contra Carrasco porque era a súa besta negra, todo aquilo que eles detestaban: católico, demócrata e catalanista.

Pero o documental non fala das dúas violencias que sufriu Catalunya sen máis. A violencia revolucionaria



foi terrível, 9.000 mortos en Cataluña, pero o terrorismo de Estado e os milleiros e milleiros de mortos por fusilamento, fame, traballos forzados etc., respondían a un obxectivo perfectamente planificado: exterminar e amedrentar. En *Sumaríssim 477* e nos meus documentais más recentes sobre o anarquismo *Vermeillo e negro* (2006) e sobre o falanxismo *Entre o xugo e a espada* (2007) insisto nesa idea: houbo violencia pero non son homologábeis. Non equiparar non significa calar ou silenciar que esa violencia revolucionaria existiu. Só desde a asunción dese tráxico pasado poderemos crear unha democracia de calidade.

**– En calquera caso, desde o momento en que presenta as dúas caras non lle poden tachar dun tratamento parcial do tema?**

– Non, pero ten máis risco, ou tíñao. Hai 10 anos as cousas víanse algo diferente. Aínda non apareceran bos estudos sobre a violencia na retagarda republicana e ninguén desde o documental identificara con nome e apelidos as testemuñas de cargo nun xuízo sumarísimo desprovisto de calquera garantía xudicial. Que quede claro: todo o mundo sabía que Carrasco estaba condenado de antemán. Por iso son ainda más gratuitas e terribéis as acusacións destas “testemuñas fantasma”, tal como lles chamou o defensor de Carrasco contra o líder democristián.

**– En calquera caso, vostede tiña documentación que acreditaba isto,**

**como é que as primeiras sentencias son favorábeis aos denunciantes**

– No xulgado de primeira instancia, tivemos un veredicto a favor e outro en contra e na Audiencia xa tivemos os dous en contra. Eles interpretaran que atentaramos contra a honra destas persoas. Apelamos ao Supremo e este deunos a razón nos dous casos e á fin o Constitucional tamén nos deu a razón. De calquera xeito, hai que entender as primeiras sentencias no contexto político enrarecido que se deu. 1995 foi un ano preelectoral durísimo entre o PSOE e o PP. Hai que recordar que CiU apoiou o goberno de Felipe González até o final, contra vento e marea. Eu traballo na televisión pública, TV3, e o personaxe do documental era un líder nacionalista. O nacionalismo catalán ten moi má prensa e foi a prensa quen primeiro xulgou e dalgún xeito influíu nos xuíces. E, en cambio, os maxistrados do Supremo e do Constitucional valoraron exclusivamente as probas alegadas e consideraron probada a tese do documental. Ademais, crearon xurisprudencia posto que acuñaron o concepto de liberdade científica que nos ampara a todos os que nos dedicamos á investigación.

**– Aínda así houbo un voto particular no Constitucional contrario a absolvela?**

– Si, o entón presidente do Constitucional, Manuel Jiménez de Parga, e Roberto García Calvo. A Jiménez de Parga lle “dijo España” e García Calvo foi clasificado como un xuíz ultracon-

O 2 de outubro de 2007 celebrouse o xuízo en primeira instancia no que se desestimou a denuncia contra o historiador Dionisio Pereira (na foto). Esta sentenza foi recorrida polos denunciantes e agardase o resultado na audiencia provincial de Pontevedra. A súa vez foi denunciado tamén o arqueólogo Alfredo González Ruibal. Outros casos como os de Fabian Garrido, de O Grove, deixan en evidencia a precariedade de condicións nas que teñen que exercer o seu traballo os historiadores que traballan sobre esta etapa histórica

## ARGUMENTACIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL QUE FINALMENTE ADSOLVEU A M. DOLORS GENOVÈS



O recentemente falecido Roberto García-Calvo xurando o cargo de Gobernador Civil franquista.

...Pues bien, es posible colegir que la libertad científica —en lo que ahora interesa, el debate histórico— disfruta en nuestra Constitución de una protección acrecida respecto de la que opera para las libertades de expresión e información, ya que mientras que éstas se refieren a hechos actuales protagonizados por personas del presente, aquélla, participando también de contenidos propios de las libertades de expresión e información —pues no deja de ser una narración de hechos y una expresión de opiniones y valoraciones y, en consecuencia, información y libre expresión a los efectos del art. 20.1 a) y d) CE— se refiere siempre a hechos del pasado y protagonizados por individuos cuya personalidad, en el sentido constitucional del término (su libre desarrollo es fundamento del orden político y de la paz social: art. 10.1 CE), se ha ido diluyendo necesariamente como consecuencia del paso del tiempo y no puede oponerse, por tanto, como límite a la libertad científica con el mismo alcance e intensidad con el que se opone la dignidad de los vivos al ejercicio de las libertades de expresión e información de sus coetáneos. Por lo demás, sólo de esta manera se hace posible la investigación histórica, que es siempre, por definición, polémica y discutible, por erigirse alrededor de aseveraciones y juicios de valor sobre cuya verdad objetiva es imposible alcanzar plena certidumbre, siendo así que esa incertidumbre consustancial al debate histórico representa lo que éste tiene de más valioso, respetable y digno de protección por el papel esencial que desempeña en la formación de una conciencia histórica adecuada a la dignidad de los ciudadanos de una sociedad libre y democrática.

Como dijimos en nuestra STC 214/1991, de 11 de noviembre, FJ 7, el «requisito de veracidad no puede, como es obvio, exigirse respecto de juicios o evaluaciones personales y subjetivas, por equivocados o mal intencionados que sean, sobre hechos históricos». A lo que, de otra parte, hemos añadido en nuestra STC 176/1995, de 11 de diciembre, FJ 2,

que «la libertad de expresión comprende la de errar y otra actitud al respecto entra en el terreno del dogmatismo ... La afirmación de la verdad absoluta, conceptualmente distinta de la veracidad como exigencia de la información, es la tentación permanente de quienes ansían la censura previa... Nuestro juicio ha de ser en todo momento ajeno al acierto o desacuerdo en el planteamiento de los temas o a la mayor o menor exactitud de las soluciones propugnadas, desprovistas de cualquier posibilidad de certeza absoluta o de asentimiento unánime por su propia naturaleza, sin formular en ningún caso un juicio de valor sobre cuestiones intrínsecamente discutibles, ni compartir o discrepar de opiniones en un contexto polémico».

Tanto más ha de ser esto así para las libertades de expresión e información inherentes al ejercicio de la libertad científica en el terreno histórico.

De un lado, porque, según acabamos de decir, la distancia en el tiempo diluye la condición obstativa de la personalidad frente al ejercicio de las libertades del art. 20 CE. De otro, porque el encuadramiento de una actividad en el ámbito de la investigación histórica y, por tanto, en el terreno científico supone ya de por sí un reforzamiento de las exigencias requeridas por el art. 20 CE en punto a la veracidad de la información ofrecida por el investigador, esto es, a su diligencia. Por todo ello, la investigación sobre hechos protagonizados en el pasado por personas fallecidas debe prevalecer, en su difusión pública, sobre el derecho al honor de tales personas cuando efectivamente se ajuste a los usos y métodos característicos de la ciencia historiográfica...



O mesmo García-Calvo xurando o cargo de maxistrado do Tribunal Constitucional (unha metáfora da transición)

## VOTO PARTICULAR DISCREPANTE DA SENTENZA FORMULADA POLO PRESIDENTE MANUEL JIMÉNEZ DE PARGA Y CABRERA, E O MAXISTRADO DON ROBERTO GARCÍA-CALVO Y MONTIEL

...Mi discrepancia se extiende al fallo y parcialmente a la fundamentación del mismo. Comparto, ante todo, el ánimo de contemplar la Guerra Civil como un hecho histórico, ya lejano, que no debe condicionar el presente; es la visión de la Guerra Civil como una tragedia cuyos efectos han conformado «la dura realidad de la historia» (STC 28/1982, de 26 de mayo, FJ 2, que cita el fundamento jurídico 4 de la Sentencia).

Y hasta cierto punto comparto, en principio, la visión de la libertad científica en el terreno histórico que se expone en el fundamento jurídico 5. La investigación sobre hechos protagonizados en el pasado por personas fallecidas debe prevalecer, en su difusión pública, sobre el derecho al honor de tales personas cuando efectivamente se ajuste a los usos y métodos característicos de la ciencia histórica (cursiva mía). Si bien creo que, frente a lo que parece insinuar el citado fundamento jurídico, esta doctrina que podríamos llamar «De la posición preferente de la libertad científica en el terreno histórico», no encuentra un antecedente en la STC 214/1991, de 11 de noviembre, FJ 7, sino que es una construcción de la Sentencia de la que estoy discrepando.

En efecto, la STC 214/1991 excluye del requisito de la veracidad los juicios o evaluaciones personales, pero no los hechos históricos.

2. Habrá que aclarar qué se entiende por «hecho histórico» como concepto determinante de la aplicación de un determinado canon propio de la libertad científica.

No será fácil definir el hecho histórico en abstracto, pero sí resulta claro que ha de negarse su concurrencia en el caso en cuestión. Concretamente, estimo que la Sentencia no enfoca bien el asunto al darle al reportaje sobre los sucesos acaecidos el tratamiento de un «hecho histórico». No se trata de un «hecho histórico», lejano en el tiempo, del que pueda afirmarse que, por su propia naturaleza, o por la consideración que se le da, o quien se la da, no pueda afectar al honor de los españoles que ahora viven. Un hecho que afecta al honor del padre de personas vivas ha de considerarse susceptible de afectar al honor familiar de los hijos del acusado en el reportaje, junto a la violación del suyo.

Además, la Sentencia de la que discrepo no sólo desenfoca la cuestión, sino que incurre en contradicción cuando, a pesar de haber formulado su doctrina sobre la libertad científica y afirmar que «la distancia en el tiempo diluye la condición obstantiva de la personalidad frente al ejercicio de las libertades del art. 20 CE» (fundamento jurídico 5), efectúa una ponderación entre la libertad de opinión y derecho a la información de un lado, y al honor del Sr. Trías Bertrán y de sus hijos, por otro, en el fundamento jurídico 6.

3. El hecho de reconocerles legitimación a los quejosos en amparo es contradictorio. Tanto en el Juzgado de Primera Instancia núm. 13 de Barcelona, como en la Audiencia Provincial, Sección Decimosexta, de Barcelona, se apreció una violación del derecho al honor de los ahora recurrentes, en cuanto hijos del Sr. Trías Bertrán. El Tribunal Supremo, Sala Primera, estimó que no se había producido esa violación de derechos, pero siempre el debate procesal se realizó con el presupuesto de la legitimación. Y tenía sentido jurídico el que así se actuara, pues si, como ha argumentado la Sentencia del Tribunal Constitucional —de la que estoy discrepando— el terreno es el de la crítica histórica [en el fundamento jurídico 4, 2.o párrafo, se dice que «lo que aquí se discute es la forma en la que se ha informado sobre un suceso de nuestra historia reciente»] los recurrentes en amparo habrían carecido de legitimación, tanto en los procedimientos ante la jurisdicción ordinaria, como ante la jurisdicción constitucional, pues lo ocurrido en el Consejo de Guerra, como pura historia, no podía afectar al honor de unos españoles que actualmente viven.

4. Aun admitiendo a efectos dialécticos que nos encontramos ante un «hecho histórico», ello no debe impedir toda distinción entre narración de hechos y expresión de opiniones, ni todo control de la veracidad en la narración de los hechos.

No comarto que, como dice la Sentencia (fundamento jurídico 4, párrafo 3), resulte impertinente examinar si la participación procesal del aludido Sr. Trías Bertrán lo fue o no a título de testigo de cargo, o la mayor o menor fidelidad en atenerse a la forma de discurrir los consejos de guerra durante la Guerra Civil. Y tampoco suscribo la afirmación (fundamento jurídico, párrafo 3) de que no se cuestione que los hechos narrados fueran, en lo esencial, ciertos.

Antes al contrario, han de destacarse los errores cometidos por el programa de televisión, respecto de los cuales los autores no han ofrecido en ninguna instancia, ni tampoco en el proceso de amparo, justificación que permita cobijarlas bajo el manto de la libertad científica.

Estos errores consistieron en afirmar que el Sr. Carrasco i Formiguera fue condenado «exclusivamente» por los testimonios de determinados catalanes, entre ellos el Sr. Trías Bertrán, así como que tales testigos comparecieran «voluntariamente» ante el Instructor de la causa, calificándoles de «testigos de cargo» sin advertir que algunos sólo depusieron en la fase de instrucción.

Reputados historiadores han sostenido, con argumentos irrebatibles, afirmaciones contrarias, como luego diré.

5. No se han tenido en cuenta, en suma, los límites al derecho a la información o si se quiere, a la libertad científica, y estos límites debieron sopesarse, pues lo discutido son hechos y no opiniones...



De esquerda a dereita: Alfredo Grimaldos (Madrid), Marta Capín (Asturias), Beatriz González Amigo (Iniciativa Galega pola Memoria), Dolors Genovés e Santiago Macías (O Bierzo) Táboa redonda sobre os casos de demandas no Estado Español contra investigadores celebrada no Grove o 22 de setembro de 2007

servador. Dous de seis, que dá conta da fraxilidade do asunto, pois con outra composición e outro ambiente podería ser un resultado diferente no sentido de prohibir este tipo de investigación histórica e sobre todo a súa divulgación. Hai que ter en conta a conmoción que provocaron as sentenzas contrarias cando este documental fora o máis premiado internacionalmente, foi considerado o mellor documental de Europa en 1995, había certo consenso social de aceptación e até celebración do filme.

– De onde veu logo esa campaña para mudar a opinión pública contra vostede? Desde a extrema dereita?

– Da dereita camuflada de esquerdas. Un xornalista, Arcadi Espada, que traballaba no diario *El País* (despois ideólogo do partido Cidadáns e de Rosa Díez, columnista de *El Mundo* e articulista para a FAES) leva este documental á casa das familias Trías e Ribas e promove a campaña contra "Sumaríssim 477", contra TV3 e contra min.

– E por que tivo eco esa campaña?

– *Sumaríssim 477* foi utilizado como un elemento máis de confrontación no debate preelectoral de 1995. Podería ser termo aforrado: non citar os nomes. Pero son xornalista e historiadora e non me autocensuro. Agora ben, logo das denuncias contra *Sumaríssim* detecto unha regresión neste sentido, parece que os historiadores se retraen máis. A pesar de que se incrementa a bibliografía so-

bre este tema, dá a impresión de que se produce certa incomodidade en citar nomes. Publicáronse as listas de defuncions, en diferentes municipios, vítimas da represión franquista. Pero nunca aparecen os nomes dos responsábeis. Seica se suicidaron? E tamén no meu último documental sobre a Falanxe notei nos arquivos unha actitude censora. Por exemplo, a directora dun arquivo histórico comarcal, en Mataró, estivo ao meu lado controlándome, censurando nomes. Hai que ter en conta que durante o momento álxido da polémica, en 1995, cando *Sumaríssim 477* saía na prensa día si e día tamén, moi pouca xente saíu a favor de *Sumaríssim*, só un historiador, Joan B. Culla, e un xornalista, Josep M. Hortas Clavería, case ningún medio de comunicación saíu en defensa, non tanto do documental, senón da liberdade de investigación e expresión.

– Pero hoxe seguen as denuncias contra a TV3 por documentais de investigación histórica como os que se refiren a Terra Lliure.

– Si. En abril de 2007 emitiuse o documental *Terra Lliure, punt final* e agora TVC acaba de emitir *Terra Lliure, el retorn*. Ciutadans, Partido da Cidadanía puxo unha denuncia no xulgado de garda para evitar a emisión e o PP enviou unha queixa ao Consello do Audiovisual de Cataluña (CAC). Terra Lliure era unha organización armada independentista que se autodisolveu a mediados dos anos 90. En 1981, se-

Televisió de Catalunya e Catalunya Ràdio desempeñaron un papel importantísimo en normalizar nos medios de comunicación o catalán. Crearon unha linguaxe estándar adecuado a estes medios



cuestrou Federico Jiménez Losantos e liberouno o mesmo día cunha ferida de arma na perna. O que molestou neses círculos é o feito que o documental non fale de terrorismo e si de loita armada. O que máis me sorprende é que estas mesmas persoas non falen de terrorismo de Estado cando se refiren á represión do franquismo ou de xenocidio cultural para explicar o que pasou en Galiza ou en Cataluña.

**– Sorprende desde Galiza a apostía da televisión pública catalá pola recuperación da historia do país e até con proxectos exemplares en todo o Estado de documentais sobre cuestións políticas de tipo más global. Como foi esa experiencia e en que situación se atopa hoxe?**

– En 1992 convencín o director dos Servizos Informativos que me deixase ir a Moscova para investigar nos arquivos da Internacional Comunista. A partir dessa exploración nese arquivo e nos do KGB e o Exército Vermello xurdiron os documentais *Operación Nikolai: o asasinato de Andreu Nin* (1992) e *O ouro de Moscova* (1994). Durante anos estiven soa pero co boom do documental histórico máis persoas e departamentos sumáronse á divulgación histórica. Actualmente, temos diferentes formas de abordar o pasado: desde a historia espectáculo, a historia-ficción, a historia-divulgación e a historia-investigación.

**– Cal é a valoración que fas do papel da TV3 para a defensa da lingua e a cultura catalás e até da súa consciencia nacional.**

– Televisió de Catalunya e Catalunya Ràdio desempeñaron un papel importantísimo en normalizar nos medios de comunicación o catalán. Crearon unha linguaxe estándar adecuado a estes medios, ás veces criticado, pero válido, posto que os 40 anos de franquismo significaron a imposibilidade de pór ao día a lingua vinculada aos novos medios de comunicación masivos que xurdiron na segunda metade do século XX. Catalunya Ràdio é líder de audiencia

e TVC foíno durante moitos anos. En cambio, TVC nunca foi unha televisión nacionalista –digan o que digan– e a duras penas unha televisión nacional. O temor inicial de non ser unha televisión folclórica-antropolóxica provocou unha alerxia sobre o máis próximo en beneficio en grao sumo afastado. Pero o que define calquera televisión do mundo é desde onde se mira e TVC ten o obxectivo algo borroso ■

M. Dolors Genovés á beira dos historiadores procesados Marta Capín, do proxecto "Frente Norte" e Dionisio Pereira

